

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS
DEPORTES DE VIGO E A PERSOA FÍSICA DONA SUSANA
RODRIGUEZ GACIO, DEPORTISTA PARATRIATLETA.**

Dunha parte D. Abel Caballero Alvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra parte Dna. Susana Rodriguez Gacio, Paratriatleta Internacional residente na Cidade de Vigo con DNI 36137166A

Diante da Secretaria do Instituto Municipal dos Deportes Dna. Concepción Campos Acuña.

Ámbalas dúas partes recoñecen a súa capacidade e competencia para formalizar o presente convenio de colaboración.

MANIFESTAN QUE

Coa colaboración do Concello de Vigo e do IMD, disporanse os medios necesarios para o desenvolvemento dos adestramentos de Dona Susana Rodriguez Gacio, Paratriatleta Internacional residente na Cidade de Vigo con DNI 36137166A co fin de preparar competicións internacionais como e a preparación para os Xogos Paralímpicos de Río de Xaneiro 2016.

O Concello de Vigo e o IMD queren a través deste convenio desenvolver a labor de fomento deportivo na actividade que realiza ésta deportista, Paratriatlon, ao considerarse un caso excepcional pola súa particularidade e o seu rendemento deportivo, Campiona de Europa da disciplina e gañadora de certamens de carácter internacional, ao cal queda acollida a cidade de Vigo, ao ser un expoñente mais do esforzo e adicación que reflicten os valores da Cidade.

Polo exposto procédese asinar un convenio de colaboración que rexeráse polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua para desenvolver os procesos de adestramentos necesarios co fin de preperar Competicións internacionais coma os Xogos Paralímpicos de Río de Xaneiro 2016.

2. A deportista Paratriatleta que asina este convenio utilizará os espazos deportivos dependentes do Instituto Municipal dos Deportes, sin custo, atendendo ao *Capítulo V, artigo 6 da Ordeanza Reguladora de Tributos e prezos públicos apartado C)*. Os espazos deportivos a usar son: piscina do Carme ou no seu defecto se ésta estivera pechada as de Teis, Lavadores ou Valadares, así como o Ximnasio do Pavillón Central ou no seu defecto si este non dispusera do medios necesarios para os adestramentos os do Carme ou Barbés, naqueles horarios preferentemente de baixa ocupación e que faciliten o desenvolvemento dos adestramentos así coma a pista de rodadura do complexo das travesas. Ditos horarios serán consensuados coa dirección do IMD en función das necesidades da deportista.
3. Para o desenvolvemento dos adestramentos poderá estar acompañada, sen custo, en todo o momento polo seu adestrador, si é preciso.
4. A deportista levará o nome da Cidade de Vigo no desenvolvemento da súa práctica deportiva. Determinaranse co Concelleiro de Deportes os medios a empregar.
5. Deberá informar ao Concello de Vigo da participación nos eventos. Unha vez celebrada as competicións, informará ao Concello a través dunha memoria explicativa.
- 6.- Proporcionará á Concellería de Deportes e ó IMD a información complementaria que se lle esixa vinculada ó desenvolvemento do evento.
- X- Comunicará á Concellería de Deportes e ó IMD calquera modificación nas condicións de desenvolvemento dos adestramentos, debendo éstas ser autorizadas. Así como calquera circunstancia que poida afectar a este convenio.
- 8.- Os usos de adestramentos serán entre 60 e 120 minutos de luns a venres de auga, unha rúa, que pode ser compartida con outros usuarios, complementándose con 60 minutos de ximnasio e entre 60 e 90 minutos de pista de rodadura. No caso de que se utilicen todas as horas solicitadas ao ano: 440 horas de piscina (5,85 €), 220 de ximnasio (4,60 €), 220 pista de rodadura (5,85€), o importe total estimado do convenio ascende a cantidade de 4.873 € por ano por un período de 11 meses ao ano sempre e cando se usen todas as horas recollidas.
En caso de ser necesario adestramentos en fins de semana estes poderán realizarse en función das ocupacións das instalacións e da súa apertura.
- 9.- A vixencia deste convenio é para as citadas actividades, quedando suspendido despois da celebración dos Xogos Paralímpicos Río 2016.




10- No caso de non cumprir con algunha das condicións esixidas polo Concello, éste poderá esixir á persoa física, o aboamento do importe pola utilización das instalacións Municipais.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por triplicado, o día 17 de outubro de 2014.

Polo Concello de Vigo

Asdo: Abel Caballero Alvarez

Pola Persoa Física



Asdo: Susana Rodriguez Gacio

A Secretaria da Xunta Reitora do IMD

Asdo. Concepción Somoza Torres